## Un bo marco de público acompañou a concentración aerodeportiva en Panxón.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 29 Agosto 2015 21:29



Álvaro González Cameselle (1º), Javier Miguelez Martínez (2º) e José Manuel Novoa (3º) consagráronse no III Campionato Galego de Grandes Maquetas de Radiocontrol que tivo lugar no marco da concentración aerodeportiva desta mañá en Panxón.

O xurado da competición valorou a similitude da construción co orixinal e a súa limpeza e estilo de voo. Estas réplicas (arredor de 20) superan os 2 metros de envergadura e poden dispoñer de diferentes tipos de motorización, dende queroseno, gasolina a electricidade.

O seu custe medio rolda os 3,000 euros ao estar dotados da última tecnoloxía en seguridade e equipo de control. Con algúns destes mesmos modelos tamén se fixo unha exhibición de voo acrobático, e unha exposición no paseo de maquetas de avións de combate, a turborreacción e helicópteros.

### A concentración

Como cada ano, centos de espectadores encheron o paseo marítimo para presenciar o evento.

Aínda que finalmente o día acompañou, a primeira hora da mañá estaba moi nubrado, polo que

non se puideron realizar as probas tal e como estaba previsto. Polo tanto, non houbo clasificación de ultralixieiros aínda que si exhibición.

```
(function(d, s, id) {  var js, fjs = d.getElementsByTagName(s)[0];  if (d.getElementById(id))
return;  js = d.createElement(s); js.id = id;  js.src =
"//connect.facebook.net/gl_ES/sdk.js#xfbml=1&version=v2.3";  fjs.parentNode.insertBefore(js,
fjs);}(document, 'script', 'facebook-jssdk'));
```

Concentración aerodeportiva de Panxón|©C.de Nigrán

Posted by Valminor.info - O Xornal do Val Miñor on Sábado, 29 de Agosto de 2015